

O INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS PADRE SARMIENTO: A RECUPERACIÓN DA MEMORIA. A MIÑA HOMENAXE A FILGUEIRA VALVERDE

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés
Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento

Resumo: Este traballo achega informacións acerca da orixe do Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento e da súa continuidade co Seminario de Estudos Galegos. A mención das publicacións máis significativas do Instituto e un breve resumo dos traballos desenvolvidos polas súas Seccións durante os anos 1946-1994 permitirá valorarmos a relevancia desta institución para a cultura galega. A xeito de remate salientase a importante participación de Filgueira Valverde nas empresas editoriais patrocinadas polo Instituto.

Abstract: The pages that follow provide information on the creation of the Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento and on its continuity with the former Seminario de Estudos Galegos. A glance at the main publications issued by the Instituto and a brief assessment of the research works produced by its Sections during the years 1946-1994 will allow the reader to appreciate the relevance of the Instituto de Estudios Gallegos for Galician culture. The paper ends by arguing that Filgueira Valverde played a crucial role in the scholarly publications supported by the Instituto.

Palabras chave: Xosé Filgueira Valverde, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Seminario de Estudos Galegos.

Key words: Xosé Filgueira Valverde, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, Seminario de Estudos Galegos.

O falecemento de don Xosé Fernando Filgueira Valverde, ocorrido en Pontevedra o 13 de setembro de 1996, puxo fin a unha das máis brillantes e fecundas biografías da humanística galega e tamén, en moitos dos seus aspectos, da propiamente española. Apresúrome a anticipar, ademais, que a súa singularísima personalidade axigántase aínda máis coa soa evocación dalgúns dos

trazos máis característicos do seu perfil humano: a súa portentosa vitalidade e o seu dinamismo, a súa capacidade de traballo, o seu talante naturalmente cordial e amable, a súa sinxeleza e espontaneidade, o seu optimismo vital...

Hai moitos anos, diría que máis de catro décadas xa, tiven o meu primeiro contacto persoal con Filgueira Valverde, grazas á vella amizade que mantiña con meu pai. Desde aquela, supoño que pola miña decidida inclinación aos asuntos históricos e tamén, probablemente, pola miña incipiente afección aos libros e *cousas* de Galicia, convertínome nun dos receptores das súas puntuais felicitacións do Nadal, sempre personalizadas con finos e afectuosos comentarios. Co paso do tempo recibiría outras moitas e moi variadas expresións de consideración e afecto; de maneira moi especial recordo con claridade os seus atinados consellos cando iniciéi os meus primeiros pasos no estudo das grandes liñaxes da Galicia baixomedieval, pequena parcela do saber histórico da que el nunca se sentiu un profundo coñecedor, aínda que non foi pouco nin insubstancial o que deixou escrito sobre a materia, constándome ademais o moito e moi bo que ensinou e comunicou a non poucos dos seus cultivadores galegos contemporáneos.

Tras a miña chegada a Santiago, onde Filgueira me acolleu coa súa acostumada afabilidade, o noso trato fíxose máis próximo e as conversas máis frecuentes. Grazas a iso hai dous xestos seus que me constan moi ben e que seguen sendo motivo da miña gratitude. O primeiro refírese tanto á satisfacción que lle produciu o meu traslado ao Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, a comezos de 1994, como ao autorizado apoio que prestou pouco máis dun ano despois ao meu nomeamento como director deste. O segundo refírese xa á súa preocupación polo futuro deste emblemático centro, que el axudara a fundar ou *refundar*—como recordarei despois— e que el mesmo dirixiu de maneira efectiva durante un complicado pero frutífero período. Neste sentido, compráceme engadir que, facendo valer a súa condición de *director honorario*, Filgueira apoiou con toda decisión ante as máis altas autoridades do Consejo Superior de Investigaciones Científicas e da Xunta de Galicia os meus propios argumentos respecto á potencialidade científica e cultural do Instituto Padre Sarmiento e, consecuentemente, foi el quen recomendou a necesidade de proceder á redefinición institucional que garantise a calidade e continuidade das súas actividades, así como a súa propia proxección de futuro. A materialización de todos eses empeños, como facilmente pode comprenderse, non foi tarefa doada, pois estivo salpicada de dificultades e incompreensións de diversa natureza e alcance; pero esta é unha historia recente que non vén ao caso presente e sospéitoa, ademais, sobradamente coñecida.

Non me cómpre nin me parece necesario, tampouco, loar aquí os detalles da impresionante traxectoria intelectual de Filgueira Valverde, tan xustamente recoñecida ao longo do presente ano por iniciativa da Real Academia Galega. Non obstante, porque desde hai xa dúas décadas que levo sobre o meu lombo a

responsabilidade de dirixir o Instituto Padre Sarmiento, si creo oportuno salientar que na persoa do homenaxeado se viron retratados –ou acaso calculadamente emulados– tantos e tantos perfís do *Alethophilo*, ou *amador da verdade*, imaxinado polo Padre Sarmiento. Non me refiro só, claro é, ao desinteresado amor pola cultura de Galicia, sentimento que compartiu con toda unha brillante xeración de investigadores e estudosos, senón á harmoniosa e feliz conxunción de factores que nel acadaron extraordinaria significación: unha sólida preparación intelectual, unha asombrosa capacidade de traballo e unha singular vitalidade. Grazas a iso, aquel amor a Galicia, que no Cura de Fruime fora mera poesía e no Padre Sarmiento afán erudito con acusadísimos timbres de orientación, en Filgueira Valverde foi xa motivo de atención preferente, ánimo inquebrantable e sistemático de indagar e sobre todo firme vontade e maxistral capacidade de dar a coñecer.

O testemuño incontestable desta rotunda afirmación pode encontrarse tanto no volume como na propia profundidade e carácter multidisciplinar da súa obra, que abrangue temas tan dispares como a lingua e a literatura, a etnografía, a historia, a arte ou a propia arqueoloxía. A cuantificación resulta neste caso necesariamente expresiva: o número dos seus artigos, folletos e libros supera amplamente –sumando o resto doutros escritos– os dous millares de títulos, sen contar as intervencións públicas (na súa maioría conferencias, charlas e comentarios) e os breves recordos autobiográficos. Deste inxente e importantísimo legado, cuxo referente común é naturalmente Galicia, hai puntual e exacta referencia en dous libros de grande utilidade para os estudosos das *cousas* de Galicia. O primeiro é o preparado por José Fuentes Alende, secretario do Museo de Pontevedra, que lle foi ofrecido polos seus discípulos con motivo do seu setenta aniversario baixo o título *Bibliografía, cursos, conferencias y curriculum de José Filgueira Valverde* (1976). O segundo, producido dúas décadas máis tarde e por iso máis completo, actualizado, é o que lle ofreceu –con carácter póstumo– a Caixa de Aforros de Pontevedra e leva por título *O Dr. Filgueira Valverde. Nos seus noventa anos (1906-1996)*.

Hai xa algúns anos ocupeime de valorar, esmiuzando non poucos dos seus detalles, as achegas de Filgueira Valverde no ámbito da literatura medieval galico-portuguesa e do pasado histórico de Galicia (desde a Antigüidade clásica aos tempos do barroco), sen esquecer as súas documentadas incursións no xénero biográfico, a historia do libro e as imprentas, as estampas e os gravados, todas elas materias especialísimas, reservadas só –como se comprende facilmente– aos grandes eruditos e bibliófilos. Daquela apuntaba xa outra importante parcela, non erudita, nin sequera publicista, da vida intelectual de Filgueira Valverde, que hoxe cómpre resaltar como complemento singularísimo da súa dimensión de investigador apaixonado e de prolífico e afortunado publicista. Refírome, como é natural, ao seu protagonismo ao longo de máis de sete décadas como entusiasta promotor de todo tipo de proxectos culturais e iniciativas científicas. Ben coñecida foi a

súa presenza activa e tantas veces reitora, certa e utilísima sempre, en cantas iniciativas culturais de envergadura houbo en Galicia desde os anos vinte do pasado século. Por iso, el foi memoria viva, parte importante, substancial case, da historia do Seminario de Estudos Galegos, do Instituto de Pontevedra e do seu Museo Provincial, do Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, da Fundación dos Bibliófilos Gallegos, do Museo do Pobo Galego... e nos seus últimos anos xa, como recordarán moi ben, deste mesmo Consello da Cultura Galega, en cuxa presidencia sucedeu ao respectado don Ramón Piñeiro.

De entre todas estas institucións hai unha, o Instituto de Estudios Gallegos, cuxa memoria me corresponde glosar ou recuperar –así se indica no programa destes actos–, partindo necesariamente, inevitablemente, do seu contexto explicativo: o precedente Seminario de Estudos Galegos, cuxa desaparición explica e xustifica o nacemento daquel (Pardo 2008)¹.

Hoxe adoita repetirse –tense incluso por certo– que o Seminario de Estudos Galegos foi “prohibido e incautado polas autoridades do novo réxime”... Esta afirmación, que é notoriamente ambigua, por imprecisa, complétase co suposto máis verosímil, pero igualmente impreciso, de que o motivo foi a súa identificación *co galeguismo, coa Autonomía e coa República*. A miña intención, como é natural, non é suscitar un debate arredor deste asunto tan específico, pero si aludir á documentación referida a aquel momento final, sucinta pero reveladora, onde non hai nin un só dato concreto ou mero indicio que permita precisar que as razóns da liquidación do Seminario foran exactamente nesta única dirección.

Obviando os precedentes, referidos aos conflitos internos e ás diferentes sensibilidade dos membros do Seminario, o que consta na aludida documentación de primeira man é, simplemente, a denuncia cursada o 21 de setembro de 1936 por un catedrático da Facultade de Farmacia, ás veces identificado como decano desta, cuxa finalidade non era outra que expulsar o Seminario dos locais que ocupaba no vello Colexio de Fonseca, onde aquela tiña a súa sede, e provocar así *a súa disolución e morte*². Esta dobre apreciación transmítea Xesús Carro, secretario

1 No Arquivo do Instituto de Estudios Gallegos, como continuador do vello Seminario e custodio dunha parte importante do seu patrimonio, consérvanse un total de 27 caixas con documentación de moi diversa natureza sobre o Seminario: actas, correspondencia, informes e memorias, administración... A fin de facilitar o estudo e divulgación deste fondo, o 1 de decembro de 1995 subscribiuse un convenio de colaboración co novo Seminario, creado –ou recreado se se prefire– en 1978. Entre os froitos desta iniciativa, ademais da propia copia dos documentos, destaco aquí a edición dun volume no que se dá precisa noticia deste fondo documental, incluíndo ademais a transcripción dos instrumentos máis significativos. A el, pois, remitireime como referencia máis accesible para o lector no que respecta ás noticias e extractos documentais utilizados: Mato 2001.

2 Enténdese, así, a solicitude de Xesús Carro ao reitor compostelán, érao daquela Felipe Gil Casares, para que “se dirixa ó comandante militar expoñendo a razón que asiste ó Seminario de Estudos Galegos para ocupar os locais de Fonseca”, e a conseqüente certificación que o Secretario xeral da Universidade,



da institución e testemuña directa, excepcional, daqueles acontecementos, quen engade que o mencionado catedrático, ao ver que non prosperaba a súa primeira denuncia, volveu insistir nela dúas semanas despois, o 5 de outubro, aínda que unha vez máis sen ningún éxito, pois o Comandante Militar da Praza quedara plenamente convencido “de la perversa intención del aludido catedrático” (Mato 2001: 296).

Nos anos seguintes, que foron xustamente os da guerra, o Seminario parece que continuou desenvolvendo as súas tarefas coa limitada normalidade que permitiron as circunstancias; diso dá fe, unha vez máis, Xesús Carro na memoria que redactaría tempo despois, o 14 de xullo de 1941³. Pero neste documento, por fin, aquel alude tamén ao feito *inesperado e incomprendible* que transcribo a continuación:

Luis Legaz Lacambra, expediu o 22 de setembro de 1936, un día despois da denuncia que se menciona. Nesta última, en efecto, dáse conta do oficio do Ministerio de Instrución Pública de data 18 de outubro de 1930 que autorizaba a Universidade a aloxar o Seminario “en alguno de los locales de los edificios universitarios” (Mato 2001: 293-294).

- 3 “La guerra entretiene toda la atención y todas las actividades. El Seminario, lo mismo que todos los demás Centros culturales, a lo más mínimo de su trabajo. No obstante, los tres directivos, únicos que habían quedado de la Comisión Directora, pudieron aún realizar alguna labor, como el cuidar del Salón Artesonado, víctima de las filtraciones de las aguas de las cañerías, en mal estado, de los laboratorios de la Facultad de Farmacia; la conclusión y salida de la obra: «Santa María de Velle»;

El Rector de la Universidad reunió el día 9 de abril de 1940, en su despacho del rectorado a los directivos y algunos elementos residentes en Santiago, con el fin de arreglar la estabilidad del Seminario y salvar su labor y todos sus materiales.

El Rector expuso, en principio, que el Seminario se hallaba fuera de la Ley, porque no se habían renovado, durante aquellos años de guerra, los cargos de la Comisión Directora, ni se habían tampoco cumplido los demás requisitos señalados en el Reglamento.

Había dos vías que podían elegirse. Una, la de volver [a] solicitar al Gobernador de la Provincia la continuación del Seminario, con su mismo Reglamento; lo que no aconsejaba, por cuanto estaba enterado que sería denegado. La otra, era ya la única, que el Seminario se incorporase a la Universidad. Así se salvaría el Seminario, permaneciendo todo, Museo y Biblioteca, en el mismo local, no tocándose nada. (Mato 2001: 297-298).

Estas breves anotacións de Xesús Carro suxiren diversas lecturas para intentar comprender mellor o fondo dos feitos. Entre elas, claro está, figura a *debilidade* política dos que representaban o Seminario naquel momento, o que deu forza incontestable á proposta do reitor compostelán; isto é, xustamente, a suposta e xa sinalada identificación do Seminario *co galeguismo, coa Autonomía e coa República*. Pero máis ca isto, ao meu parecer polo menos, a realidade é que a dispersión dos membros e colaboradores do Seminario, o aparente desinterese das novas instancias oficiais e o ambiente xeral pouco ou nada sensible co sentimento galeguista, favoreceron e, en última instancia, permitiron que entre certos elementos da Universidade —o propio Reitor, entre eles— frutificase o empeño inicial daquel catedrático de Farmacia de recuperar para esta os locais onde tiña a súa sede o Seminario e, non menos naturalmente, de propiciar o pechamento do Seminario e incorporar ao patrimonio universitario os fondos bibliográficos e as coleccións museísticas reunidas por aquel⁴. O feito

el sostenimiento de correspondencia con Portugal, Alemania, América, Suecia y Francia; la donación de libros y publicaciones al Sindicato Español Universitario, de Vigo; el ceder una de las vitrinas de feligrana y orfebrería compostelana y padronesa, popular y del siglo XVIII y XIX, para la Exposición, en Santiago, a beneficio de los heridos y enfermos de la guerra; el haber recibido carta de la Universidad de Hamburgo, con un ejemplar de la revista *Senderdruck aus Volkstum und Kultur der Romanen*, en donde se elogia y se hace crítica de la obra de «Santa María de Velle», diciendo «que el Seminario de Estudios Gallegos incansable en su actividad científica ha publicado, en pleno fragor de guerra, una obra fruto de una serie de investigaciones del adelanto material de la región»; el colaborar en la Exposición de la Vivienda, celebrada en Valladolid, con el envío de seis maquetas de casas gallegas, ejemplares del Museo Etnográfico; y trabajar en proseguir la terminación del *Codex Calixtinus*». (Mato 2001: 297).

4 O artigo 27 do Regulamento do Seminario establecía, para o caso da súa disolución, que os seus bens “pasarán a ser propiedade de la Universidad compostelana” (Mato 2001: 302).

consumouse o 1 de agosto de 1940, cando Xesús Carro, secretario do Seminario, e Luís Iglesias, ex-reitor da Universidade e entón director da Sección de Ciencias daquel, se viron precisados de facer entrega a Manuel Pérez Búa, director en funcións da Biblioteca universitaria, das chaves da sala onde estaba instalada a Biblioteca do Seminario. Desta forma, como escribe o propio Xesús Carro, “se desvanecieron todas las esperanzas en una inmediata renovación del Seminario” (Mato 2001: 299).

Pese a todo, o nome e prestixio da institución prevaleceu, sen que houbera conciencia política nin noticia pública da suposta prohibición e incautación polas “autoridades” do novo réxime. Así, por exemplo, seis meses despois dos feitos relatados, o 11 de febreiro de 1941, o Secretario Provincial do Servicio de Artesanía de FET y de las JONS, que era Emilio de la Iglesia Caruncho, solicitaba ao “Ilustrísimo Señor Presidente del Seminario de Estudios Gallegos”, mediante o oportuno oficio, a redacción dun informe que permitise fixar en Santiago a capitalidade artesanal de España, dando por suposto ademais que “con tan prestigiosa colaboración” se podería dar conta á Delegación Nacional do Servicio de Artesanía “de tan afamadas industrias como las del azabache, entalladores, tejedores, encajes, etc.” Poucos días despois, o 17 de febreiro, Xesús Carro apresurouse a dar conta a aquela autoridade do acontecido, precisando incluso o seu parecer:

Pues bien, este referido Centro, no sé si por ignorancia o por mala fe, debido al interés particular de un reducido núcleo de personas, valiéndose de la sombra y cuentos de comadres, han conseguido que dejase de funcionar, incluso procurando que no pudiera colocarse dentro de la Ley.

Y al hallarse ahora, en esta posición, Vd. comprenderá la imposibilidad de que dicha Corporación pueda emitir informe alguno, aún cuando el que se le pide, reunía las mejores condiciones para el caso.

Sirva, por lo tanto, esta carta de amigo, como confidencial, a fin de que Vd. manifieste, de la mejor manera a esa Entidad, la causa por qué no ha enviado su informe el que, hasta el año último pasado, se llamaba “Seminario de Estudios Gallegos” (Mato 2001: 300).

Ante iso, o mencionado Secretario Provincial do Servicio de Artesanía de FET y de las JONS respondería a Xesús Carro unhas semanas despois, o 26 de marzo, o seguinte:

Lamento infinito que, tan prestigiosa y benemérita entidad como el Seminario de Estudios Gallegos no se encuentre en plena actividad, sino por el contrario, la hayan privado de su normal funcionamiento.

Haré saber a la Jefatura Provincial que el primer centro provincial de tan probada capacidad, con copioso archivo y ya famosos investigadores, no puede ayudarnos en nuestro labor, abogando por que esta anómala situación se termine para bien de la cultura patria (Mato 2001: 300).

Esta resposta, na que aquela autoridade sindical insistía aínda na solicitude dalgúns debuxos e fotografías, confirmou a Xesús Carro que os motivos que conduciran á liquidación e entrega do Seminario non eran de carácter exactamente político, nin ideolóxico, senón de orde doméstica. Poucos meses despois, o 17 de xuño daquel mesmo 1941, confirmáballo a Manuel Chamoso Lamas ao achacar os feitos acaecidos o ano anterior aos “enemigos del Seminario”:

su ideal es hacer morir esta Institución, que honraba a su tierra. Nos odian todavía, porque se les demostraba que, sin necesidad de ellos, sabíamos trabajar. Conseguirán, no lo dude, su anhelo. Así ya no tendrán envidia a nuestros trabajos y podrán descansar tranquilamente, panza arriba, como verdaderos zánganos (Mato 2001: 327).

Uns meses máis tarde, o 29 de novembro, en carta a Xosé Ramón e Fernández Oxea –Ben Cho Sei–, incidiría de novo no tema ao lle lembrar os motivos da actitude da Universidade: “se han apoderado de las llaves, que era lo principal para considerarse herederos de las cosas, y que se pudran, ya no les importan...” E aínda un ano máis tarde, en 19 de maio de 1942, llo confirmaría a este mesmo con outras reveladoras palabras: “El Seminario se ha extinguido porque lo han querido así los enemigos de él, emboscados en la Universidad compostelana” (Mato 2001: 332)...

A partir daqueles primeiros meses de 1941, convencido de que “el enemigo, o enemigos del Seminario, obra en sentido diverso al de la Falange Española Tradicionalista y de las JONS”, o empeño de Xesús Carro foi precisamente “remediar lo pasado” e buscar unha fórmula que permitise ao Seminario continuar “sus trabajos y actividades”. De aí as súas primeiras propostas nesta dirección, entre as cales figuraba o desexo de conservar o nome do Seminario, que fora “aprobado en tiempo de la Monarquía”, e a incorporación deste –para a súa seguridade– nun dos Institutos de España, particularmente, o que “mejor encuadrase con las actividades del Seminario” (Mato 2001: 326-327). E isto foi en liñas xerais o que ocorreu.

Xa desde o mes de xaneiro de 1941, Xesús Carro iniciara contactos con Cayetano Mergelina, nese momento vinculado ao nacente Instituto “Diego Velázquez”, interesándose pola posibilidade de formar co Seminario unha sección dentro do novo centro (Mato 2001: 301-302). Nestas xestións interviñeron tamén outros

vellos *seminaristas*, entre eles Filgueira e, sobre todo, Francisco Javier Sánchez Cantón, vinculado tamén ao “Diego Velázquez”. Ao cabo, entre uns e outros lograron sensibilizar as autoridades do momento e, como resultado dunhas novas conversacións entre o daquela Ministro de Educación, José Ibáñez Martín, o novo Reitor da Universidade de Santiago, Luis Legaz Lacambra, e o propio Sánchez Cantón, o 30 de novembro de 1943 acordouse a creación do Instituto de Estudos Gallegos “Padre Sarmiento”, adscrito ao Patronato de Humanidades M. Menéndez Pelayo do CSIC⁵.

O Instituto –así é a denominación usual dos novos centros do CSIC– constituíuse formalmente o 15 de febreiro de 1944. Á reunión constitutiva concorreron o Reitor, Luis Legaz Lacambra, o Secretario xeral do CSIC, José María Alvareda Herrera, e Francisco Javier Sánchez Cantón, xunto con algúns destacados *seminaristas*, como Xosé F. Filgueira Valverde, Fermín Bouza Brey, Xesús Carro García, Felipe Cordero Carrete, Abelardo Moralejo Laso, Paulino Pedret Casado e Alonso Zamora Vicente. Pouco máis tarde e grazas á intervención de Bouza Brey, sumáronse tamén os homes do grupo ourensán: Ramón Otero Pedrayo, Vicente Martínez Risco e Florentino López Cuevillas.

A recentemente creada institución, conforme o que se acostumaba xa no CSIC, foi posta baixo o padroádego do Padre Sarmiento, un dos máis eminentes ilustrados galegos, segundo se previra en tempos do propio Seminario, como me lembrou nunha longa conversa o propio Filgueira pouco antes da súa morte (Pardo 2000: 156-157). E de acordo con este espírito de continuidade, ordenouse á Universidade compostelá a devolución do conxunto de bens daquel, que non obstante retornaron xa sensiblemente minguados.

Un ano despois da súa constitución, o Instituto instalouse provisionalmente nos baixos da casa rotulada co número 6 da Rúa Nova, en Santiago, e alí permaneceu baixo condicións nada favorables para o desenvolvemento da súa actividade ata 1946. Tras diversas xestións, por Orde do Ministerio de Educación y Ciencia de 10 de novembro de 1944, ceduse para a súa adecuación como sede do Instituto o edificio contíguo ao Colexio de Fonseca, construído a comezos do XVIII para acoller a biblioteca deste⁶. Tras a súa rehabilitación, os novos locais foron inaugurados solemnemente o 3 de setembro de 1946, coa asistencia do Ministro de Educación, José Ibáñez Martín, o Reitor da Universidade de Santiago, Luis Legaz Lacambra, e o Secretario xeral do CSIC, José María Alvareda Herrera. Dos discursos pronunciados naquela ocasión entresaco a referencia que o reitor compostelán fixo ao Seminario:

5 Estas e outras noticias sobre a fundación e primeira etapa do Instituto en VV.AA 1954.

6 Máis noticias en Fraguas 1947.



Desde que hace cuatro años me hice cargo del Rectorado, me preocupó la suerte del desaparecido Seminario de Estudios Gallegos. Yo no sé si en su seno se hizo alguna vez política. Puede que en algún momento alguno de sus hombres lo hiciera, dentro o fuera, por su cuenta o por cuenta del Seminario. Pero lo que sí sé es que en esta Institución se hizo una labor positiva de investigación de la historia, de

la literatura, de la antropología y de la geología de Galicia y esta labor positiva no se debía perder. También sé que el Seminario poseía un enorme valor de proyección sentimental en la región y, lo que para mí es más importante, en la América española, que en una parte muy considerable es una América gallega. Y de esa América yo había recibido cartas dolientes, en las que la lejanía física de quienes las escribían, acentuaba la nostalgia por la obra que creían definitivamente perdida e incluso influía en la deformación de lo que creían motivos de esta pérdida. Se imponía, pues, salvar lo que merecía ser conservado; en lugar de ser una obra de inspiración puramente localista, los estudios gallegos debían integrarse en el ámbito de la investigación nacional, conservando su propia fisonomía. Nació así la idea de un Instituto de Estudios Gallegos, incorporado al Consejo Superior de Investigaciones Científicas, y puesto bajo la advocación de la figura señera de Fray Martín Sarmiento (Consejo 1947: 13-14)⁷.

Nestas mesmas datas e con idéntico motivo, o propio Xosé F. Filgueira Valverde se refería ao famoso plan de estudos ideado polo Padre Sarmiento e recordaba, xustamente que naquela memorable excursión á casa de Castro de Ortoño “habíase ya propuesto completar así el rótulo del Seminario”, aínda que a idea fora refugada “por no estar entonces tan difundido entre nosotros el uso de tales advocaciones” (Filgueira 1947). E á fin daquel texto, Filgueira escribiu o seguinte:

De lo recogido en los años que corrieron de 1923 a 1934 ha quedado testimonio en informe que un día me cupo el honor de redactar en unión de Sebastián González-García Paz. Con mayor entusiasmo que saber, medios

⁷ Outras noticias en VV.AA. 1954: 17-18.

materiales y... fortuna, intentamos entonces seguir las líneas generales del plan previo a toda investigación gallega ideado por Fr. Martín Sarmiento. En el año 1943 comienza a contarse un segundo decenio. Con el amparo y el impulso del Consejo Superior de



Investigaciones, el mecenazgo de espíritus generosos, la colaboración de los investigadores y el apoyo de todos los gallegos, ahora si “Dios ayuda y Santiago”, antes del segundo centenario del Onomástico de la Lengua Gallega, los propósitos, las previsiones, los anhelos que representaba comprido fin terán (Filgueira 1947: 44).

Tras a súa primeira xunta, que presidiron Francisco Javier Sánchez Cantón, como director, Abelardo Moralejo Laso como vicedirector e Felipe Cordero Carrete como secretario, o Instituto organizouse –a imitación do desaparecido Seminario– en dez seccións. Á fronte delas figuraron os máis destacados investigadores galegos do momento, a



maioría deles directivos ou membros activos do vello Seminario, cuxo labor se desexaba continuar: *Xeografía* (Ramón Otero Pedrayo); *Prehistoria* (Florentino López Cuevillas); *Historia* (Paulino Pedret Casado); *Arqueoloxía* (Fermín Bouza Brey); *Arte* (Xosé Filgueira Valverde); *Filoloxía* (Abelardo Moralejo Laso); *Literatura* (Alonso Zamora Vicente); *Etnografía e Folclore* (Vicente Martínez Risco); *Estudos composteláns e Peregrinacións* (Xesús Carro García); *Bibliografía e Publicacións* (Francisco Javier Sánchez Cantón). O cargo de conservador ocupouno, ademais, Xesús Carro García, e o de bibliotecario, Antonio Fraguas Fraguas. A estes nomes ilustres sumáronse despois outros, como Antonio Blanco Freijeiro, José Manuel Pita Andrade, Luis Monteagudo, Benito Varela Jácome ou Antonio

Bonet Correa-Calderón, Piluca Sánchez Cantón, que foron os primeiros bolseiros que completaron a súa formación no Instituto.

No ano 1949, tras unha reforma xeral do Patronato Menéndez Pelayo, reduciuse o número de seccións a dúas, dirixidas por Francisco Javier Sánchez Cantón e Paulino Pedret Casado, quen pasaría a ocupar a vicedirección do Instituto, cargo no que o sucederían despois Xosé Filgueira Valverde e Ricardo Carballo Calero. Pese á mencionada redución de seccións, a nómina dos colaboradores fíxose máis nutrida, mesturándose non poucos membros do vello Seminario con coñecidos profesores universitarios de xeracións máis novas: Antonio Taboada Roca, Isidro Parga Pondal, Casimiro Torres, Enrique Fernández Villamil, Antonio Couceiro Freijomil, Ángel Canellas, que puxo en marcha unha nova sección de Paleografía e Diplomática, Manuel Chamoso Lamas, Salustiano Portela Pazos, Álvaro D'Ors, José María de Azcárate Ristori, Ramón Otero Túniz, José Guerra Campos, Benito Varela Jácome, Xesús Taboada Chivite, Manuel Maroño Barreiro, Julio Feo García, Isidoro Millán González-Pardo, José Luís Pensado Tomé, Manuel Lucas Álvarez, Alfredo García Alén, Ángel Rodríguez González... O bo facer, a xenerosidade e a calada dedicación destes e outros moitos homes, a gran maioría sobradamente coñecidos, algúns incluso personalidades moi sobresaíntes da vida cultural e científica de Galicia, alumaron a traxectoria fecunda e brillante que hoxe pode exhibir o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

En 1971, tras a morte de Francisco Javier Sánchez Cantón, accedeu á dirección Xosé F. Filgueira Valverde. Con el, tras a xubilación de Felipe Cordero Carrete, ocuparon a secretaría sucesivamente Antón Fraguas Fraguas, Ramón Martínez López e Xosé Manuel González Reboredo. Dez anos despois, en 1981, abriuse un novo período co acceso á dirección de Francisco Xavier Río Barja, discípulo de Otero Pedrayo, na cal permaneceu ata 1994. Acompañárono na directiva Carlos Amable Baliñas Fernández, como vicedirector, e Xosé R. Barreiro Fernández e Xosé Carro Otero, que foron os sucesivos secretarios; xunto a eles, figuraría unha longa nómina dos que coordinaron as súas seccións ou participaron nas súas actividades, exercendo ás veces funcións directivas, como M. Carlos García Martínez, Fernando Acuña Castroviejo, Felipe Arias Vila, Socorro Ortega Romero... Todos eles, como moitos dos citados anteriormente, se formaron tamén no seo do Instituto e nos mesmos ideais de amor a Galicia e á investigación nos temas galegos, que foron a razón substantiva do vello e ilustre Seminario. Porque a nativa condición e lexítima personalidade daquel, como sucesor real –e penso que moral tamén– deste último, estivo sempre moi presente. Por iso, en ningún momento se aveu a renunciar a iso, como o proclamarían en momentos institucionalmente difíciles –fai agora case catro décadas– e en termos moi claros e precisos os que estaban excepcionalmente autorizados para facelo, pois constituían aínda, no seo do Padre Sarmiento, o testemuño e proba máis convincente dese feito.

A historia do Instituto Padre Sarmiento é sobradamente coñecida, como o son tamén as súas importantes achegas científicas e culturais ao longo dunha traxectoria que supera xa as sete décadas (Pardo 2005). Por iso, nesta breve glosa non considerei oportuno incluír os detalles dunhas e outras e si, polo contrario, recuperar a memoria –ou deixar constancia precisa– de cal foi a súa orixe e acontecer institucional e de quen foron os homes que o promoveron e sostiveron. O protagonismo desas sucesivas xeracións na vida do Instituto Padre Sarmiento concluíu en 1994, cando este último iniciou unha etapa nova, diferente sen dúbida, pero quero crer que de non menor entidade. De calquera forma, hoxe –coma onte– o Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento permanece fiel ao honroso legado recibido e, polo mesmo, esfórzase tamén en seguir sendo un punto de referencia inescusable na vida científica e cultural de Galicia, empeño ben difícil –por fortuna–, dada a actual realidade marcada polo permanente florecemento de institucións e actividades. Pese a todo, o número e regularidade das actividades investigadoras, culturais e publicistas do Padre Sarmiento creo que dan idea clara do rumbo retomado nestes dous últimos decenios e das metas que desexa alcanzar nos ámbitos científicos que lle son propios.

O TRABALLO DAS SECCIÓNS (1946-1994)

Arqueoloxía e Prehistoria (dirixida sucesivamente por Florentino López Cuevillas, Fermín Bouza Brey, Xesús Taboada Chivite e Felipe Arias Vilas). Foi, sen dúbida, unha das máis dinámicas e chegou a agrupar a case totalidade dos especialistas existentes en Galicia. Desde a súa posta en marcha, as liñas de investigación desenvolvidas centráronse no estudo do Paleolítico, a cultura megalítica, a arte rupestre, diversos aspectos da cultura castrexa –entre eles, a continuación dos catálogos de castros iniciados polo vello Seminario– e o fenómeno da romanización. Sobre isto último importa destacar a edición e posterior revisión das *Inscripciones Romanas de Galicia* (1949-1968). Entre os labores desta sección destacan tamén as distintas escavacións arqueolóxicas, todas elas resultado do establecemento de plans conxuntos; entre elas, as realizadas en Xermade, Buriz, Oirós, Baroña, Borneiro, Castromao ou Cidadela, así como o traballo de consolidación e restauración efectuado nalgúns dos máis significativos xacementos arqueolóxicos de Galicia (Castromao, Baroña, Elviña e Argalo). Unha das súas constantes preocupacións foi a conservación do patrimonio –por medio de informes, intervencións, chamamentos ou denuncias–, en colaboración estreita cos órganos competentes da Administración. De non menor interese foron, así mesmo, as actividades de divulgación do noso máis remoto pasado, centradas sobre todo na frecuente organización de charlas, proxeccións, edicións etc.



Etnografía e Folclore (dirixida sucesivamente por Vicente Martínez Risco, Antón Fraguas Fraguas e Xosé Manuel González Reboredo). A súa actividade, que seguiu as directrices da súa homónima no vello Seminario, centrouse en diversos aspectos da etnografía espiritual, en especial con relación á mitoloxía popular, o que quedou reflectido fundamentalmente en diversas publicacións, cursos e traballos de campo. Nos anos oitenta, moi renovada xa, agrupou a maioría de etnógrafos e antropólogos galegos, abordando plans máis xerais e ambiciosos sobre a arquitectura popular, a pesca e as embarcacións, o instrumental agrícola ou a antropoloxía social.

Xeografía e Historia (dirixida sucesivamente por Ramón Otero Pedrayo, Paulino Pedret Casado, Manuel Lucas Álvarez e Ángel Rodríguez González). A súa actividade centrouse na produción bibliográfica, que foi certamente abundante, abarcando múltiples aspectos da historia galega, desde Prisciliano e o seu pensamento, o reino dos suevos, os estudos xacobeos ou das institucións ata a Galicia do XVIII. Nos anos oitenta, coa incorporación de novos colaboradores, a súa actividade encamiñouse máis á elaboración de plans de conxunto e a medio prazo, así como a unha maior potenciación dos estudos contemporáneos. Destacou, polo demais, a posta en marcha da serie “Galicia Histórica”, que foi apoiada pola Fundación Pedro Barrié de la Maza, da cal se dá noticia máis adiante.

Lingua e Literatura (dirixida sucesivamente por Alonso Zamora Vicente, Abelardo Moralejo Laso, Xosé F. Filgueira Valverde, Ricardo Carballo Calero, José Luís Pensado Tomé e Benito Varela Jácome). Os seus principais obxectivos de investigación dirixíronse ao campo da filoloxía e dialectoloxía galegas e ao estudo e edición dos Cancioneiros e diversos textos históricos galegos, así como ao afondamento da análise da poesía galega do século XIX, cunha dedicación especial á figura de Rosalía de Castro. Cabe destacar, tamén, a edición en versión galega de varios poetas clásicos (Horacio e Virxilio, ademais dunha antoloxía de poetas gregos).

Arte (dirixida sucesivamente por Xosé F. Filgueira Valverde, Manuel Chamoso Lamas e Socorro Ortega Romero). A súa actividade quedou reflectida nos índices de *Cuadernos de Estudios Gallegos*; destacou, polo demais, a súa dedicación ao estudo das chamadas “artes menores” (gravadores, prateiros, acibecheiros), así como os centrados na arquitectura e escultura do románico (mosteiros, catedrais, igrexas rurais, edificios civís) e do barroco.

Bibliografía e Publicacións (dirixida sucesivamente por Francisco Javier Sánchez Cantón, José A. Maroño Barreiro e Alfredo García Alén). O máis sobresaínte da súa actividade foi, sen dúbida ningunha, a edición en fascículos da Bibliografía de Galicia, que a mediados dos oitenta alcanzara xa os 15.000 títulos. Este gran repertorio bibliográfico, froito dunha colaboración sostida co Museo de Pontevedra, converteuse nun instrumento de traballo imprescindible para abordar calquera estudo rigoroso sobre as cousas de Galicia. A actividade desta sección estendeuse, ademais, á elaboración de ficheiros sobre a imprenta nos séculos XIX e XX, impresores e libeiros, periodismo e publicacións periódicas.

Estas breves pinceladas poñen de relevo o importante labor que o Instituto desenvolveu ao longo daquela primeira e frutífera etapa, que procurou complementar sempre con actividades de divulgación cultural, a pesar das súas permanentes dificultades económicas. Nestoutro ámbito destacaron os frecuentes coloquios, cursos e conferencias sobre diferentes materias do campo de investigación do Instituto, así como as súas famosas exposicións monográficas anuais, que acadaron a trintena e cuxo alcance e contido quedaron reflectidos nos correspondentes folletos analíticos e descritivos. Paga a pena lembrar a nómina: *La imprenta compostelana. Libros y folletos hasta 1868* (1948); *Grabados compostelanos. Iconografía del Apóstol. Grabadores compostelanos. Temas locales* (1949); *Francia y los Caminos de Santiago* (1950); *Centenario de la Condesa de Pardo Bazán* (1951); *Ovidio Murguía. 1871-1900* (1952); *Con motivo del VIII centenario de la muerte de San Bernardo. Monasterios del Cister en Galicia* (1953); *Compostela. Dibujos de Vaquero Palacios y Vaquero Turcios* (1954); *Santiago retrospectivo* (1955);



Cofradías gremiales compostelanas (1956); *El escultor Ferreiro. 1738-1830* (1957); *Compostela hace cien años. La exposición de 1858. La visita de Isabel II. La muerte de Aurelio Aguirre* (1958); *La Exposición regional gallega de 1909 y Primer Centenario de Alfredo Brañas* (1959); *Las excavaciones arqueológicas en la Catedral de Santiago. Homenaje a Antonio López Ferreiro en el cincuentenario de su muerte* (1960); *El románico y su pervivencia en Galicia* (1961); *Platería civil compostelana hasta finales del siglo XIX* (1962); *Dos centenarios. El de la primera edición de Cantares Gallegos, de Rosalía, y el de la muerte de Nicomedes Pastor Díaz* (1963); *Bicentenario de la muerte del Padre Feijoo. 1676-1764* (1964); *La venera* (1965); *Cartografía de Galicia. En conmemoración de los centenarios de la muerte de dos ilustres gallegos; Domingo Fontán y Casiano de Prado* (1966); *Pintura y dibujo arqueológico en Galicia. Desde Villaamil a Enrique Campo* (1967); *La Escuela médica compostelana. Con motivo de la muerte del Doctor Varela de Montes* (1968); *El traje regional gallego. Con motivo del centenario del nacimiento de Noriega Varela* (1969) e *Amor Ruibal y su época* (1969); *Prehistoria de Galicia. Homenaje a Federico Maciñeira Pardo de Lama en el centenario de su nacimiento* (1970); *La Virgen Peregrina* (1971); *La Bibliografía de Galicia, de F. J. Sánchez Cantón* (1972); *Fr. Martín Sarmiento 1695-1772. Segundo centenario de su muerte* (1972); *Seminario de Estudos Galegos. 1923-1973. Cincuentenario da súa creación* (1973); *Orfebrería compostelana del siglo XVIII y primera mitad del XIX* (1974); *Castelao e os estudos galegos* (1975).

Pese a todo o dito, para captar en todo o seu valor o sentido e alcance das achegas do Padre Sarmiento –así é a denominación coloquial– ao patrimonio cultural de Galicia non abonda con considerar todas as súas achegas directas. Entre os seus activos figura o seu importante labor editorial, a través principalmente da revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*⁸, a serie de *Anejos*⁹ e o amplo conxunto das publicacións fóra de colección¹⁰, sen esquecer naturalmente o destacado

- 8 Desde 1944, o Instituto edita con regularidade a revista *Cuadernos de Estudios Gallegos*, que mantén intercambio con máis de trescentas revistas especializadas nacionais e estranxeiras. Esta publicación científica é unha das máis dilatadas –alcanzou xa o número 117– e de maior prestixio e aprecio de Galicia. Nas súas páxinas, a pegada de Filgueira Valverde non é irrelevante: “Nuevos rastros documentales de juglares gallegos” (1944); “La iconografía de Santiago y el grabado compostelano” (1944); “Para el ritual de grados en la Universidad Compostelana” (1945); “El Planto en la historia y en la literatura Gallega” (1945); “Carpintería románica” (1946); “Cruceiros” (1946); “El primer vocabulario gallego y su colector, el bachiller Olea” (1947); “Datos y conjeturas para la biografía del maestro Mateo” (1948); “Una descripción del reino de Galicia” (1948); “Don Armando Cotarelo y los estudios gallegos” (1951); “Una representación en gallego a Carlos IV” (1952); “El tesoro de Bedoya” (1954); “Camafeos y entalles del tesoro Compostelano”, con Antonio Blanco Freijeiro (1958); “Sobre la orfebrería del oratorio de don Lope de Mendoza” (1959); “Sobre el *Cantar do Mariscal*: otra versión con nuevos versos” (1966); “Las *Jarchas* gallegas de Valle-Inclán” (1966); “Escritos no coleccionados de Rosalía de Castro: *Unha boda n'aldea*” (1967); “Dos poemas rosalianos de Ramón Cabanillas” (1967); “Góngora y Galicia” (1969); “Textos y documentos: Un poema desconocido de Pondal” (1970); “Trillo de Figueroa, *Oh llanos de Andalucía*” (1970); “La exposición bibliográfica de Sánchez Cantón” (1971); “El Padre Sarmiento en el Museo de Pontevedra” (1972); “Sobre el paradero de los restos del P. Sarmiento” (1972); “O remate inédito das *coplas* galegas de Fray Martín Sarmiento” (1972); “Seis inéditos de Otero Pedrayo” (1978).
- 9 A serie de *Anejos de Cuadernos de Estudios Gallegos* acadou na súa primeira etapa os 22 títulos: R. Otero Pedrayo (intr.), *Domíngoo Fontán y el mapa de Galicia* (1946); E. Leirós, *El deambulatorio de la Catedral de Orense* (1948); F. Bouza Brey, A. D’Ors e outros, *Inscripciones romanas de Galicia* (1949-1968); Fr. M. del Álamo e Fr. J. Pérez de Urbel, *Viaje a Galicia de Fr. Martín Sarmiento 1754-1755* (1950); J. Carro García, *Crónica de Santa María de Iria* (1951); M. L. Caturla, *Antonio de Puga. Un pintor gallego en la corte de Felipe IV* (1952); R. Otero Pedrayo, *El Doctor Varela de Montes, médico humanista compostelano del XIX* (1952); A. Pardo Villar, *Los dominicos en Santiago* (1953); J. M. Pita Andrade, *La construcción de la Catedral de Orense* (1954); J. Carro García, *Estudios jacobeos* (1954); A. Fraguas Fraguas, *Historia del Colegio de Fonseca* (1956) e *Los colegiales de Fonseca* (1958); J. Taboada Chivite, *Monterrey* (1960); J. L. Pensado Tomé, *Fragments de un “libro de Tristán”* (1962); F. Bouza Brey, *El Señorío de Villagarcía* (1965); R. López Caneda, *Prisciliano. Su pensamiento y su problema histórico* (1966); C. Martínez-Barbeito, *Impresos gallegos de los s. XVI, XVII y XVIII* (1970); A. Meijide Pardo, *La invasión inglesa de Galicia en 1719* (1970); N. Hoyos Sancho, *El traje regional de Galicia* (1971); C. Bedat, *El escultor Felipe de Castro* (1971); J. R. Fernández Oxea e M. Fabeiro Gómez, *Escudos de Noya* (1972), e B. Varela Jácome, *Estructuras novelísticas de E. Pardo Bazán* (1973). En 1995, tras unha paréntese de máis de dúas décadas, a serie de *Anejos* retomou o seu anterior ritmo de publicación (na actualidade alcanzou xa os 39 títulos), e en 1996 inaugurouse a serie complementaria “Monografías de Cuadernos de Estudios Gallegos” (na actualidade alcanzou xa os 13 títulos).
- 10 Entre os títulos fóra de colección, de temática diversa, figuran en primeiro lugar os tres volumes do *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus* (os volumes de texto e música foron impresos con anterioridade nos talleres de Ánxel Casal por encargo do vello Seminario de Estudos Galegos). Seguiron despois os de A. López, *Estudios crítico-históricos de Galicia* (1946); F. Maciñeira, *Bares, puerto hispánico de la primitiva navegación occidental* (1947, reimpreso en 2002); S. Cabeza de León e E. Fernández Villamil, *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela* (1945-1947, reimpreso en 1998); A. Bonet Correa, *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII* (1966, reimpreso en 1997); K. Parker, *Historia Troyana* (1975). A selecta nómina ampliouse sensiblemente ao longo destes últimos anos.

protagonismo da institución e o poderoso influxo colectivo dos seus membros na vida cultural de Galicia, prestando apoio, colaboración ou auténtico impulso vital a cantas iniciativas se desenvolveron nos ámbitos da súa competencia ao longo de máis de cinco décadas.

Non quero concluír sen referirme de novo á figura de Filgueira Valverde, protagonista de excepción –xunto cos beneméritos Xesús Carro, Francisco Javier Sánchez Cantón e Felipe Cordero Carrete– de moito do que quedou relatado. Porque no contexto desta sucinta glosa teñen cabida, xustamente, outras dúas parcelas en verdade relevantes, pero cuxo valor e mérito non adoitan ser suficientemente recoñecidos. Refírome, como é natural, ao conxunto dos seus estudos introdutorios a edicións facsimilares e, así mesmo, á súa xenerosa faceta de prologuista, ambas as dúas relacionadas en moi boa medida coa súa presenza reiterada no Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, aínda que leven o nome e selo de dúas institucións de gran tradición na vida cultural de Galicia. A primeira é a Sociedad de los Bibliófilos Gallegos, que en 1949 fundou un selecto grupo de personalidades a cuxa cabeza figuraban precisamente Francisco Javier Sánchez Cantón e outros membros da directiva do Padre Sarmiento, onde aquela tivo ademais a súa sede social. A outra é a Fundación Pedro Barrié de la Maza, a cuxo importante mecenado Galicia debe, entre outras moitísimas iniciativas, un exemplar e xeneroso labor publicista.

Respecto á primeira destoutas facetas, importa recordar que o impulso dos Bibliófilos Gallegos frutificou nunha valiosa e selecta serie de edicións facsimilares, varias das cales levan o selo erudito e inconfundible de Filgueira Valverde. Así, en primeiro lugar a acertada e valiosa introdución que precede o facsímile da tan coñecida *Descripción del Reyno de Galicia*, que a mediados do XVI compuxo –con clara intención apoloxética– o Licenciado Molina. Despois, o magnífico e completísimo estudo que serve de introdución ao facsímile da edición romana do famoso *Nobiliario de D. Pedro conde de Barcelos* e, con idéntica valoración, o referido a *Los Cronistas del Reino de Galicia*, que preparou tamén como introdución á do non menos celebrado nobiliario *Armas y Triunfos de los hijos de Galicia*, de Frei Felipe de la Gándara.

Este labor de editor e prologuista constitúe todo un capítulo á parte dentro da obra escrita de Filgueira Valverde. Nesta parcela, específica coma poucas, chama a atención tamén a súa fecundidade, canto menos polo que se refire ao ámbito do saber histórico, e así mesmo a propia amplitude e profundidade dos seus coñecementos. É certamente, na xeneralidade dos casos, os prólogos asinados por Filgueira constitúen verdadeiros estudos introdutorios, nos cales adoitaba incluír sabias e maduras apreciacións historiográficas. Entre este copioso conxunto, verdadeiramente variado, destacan os moi apreciábeis que figuran nos volumes de varias das coleccións que co seu asesoramento puxo en marcha

o xeneroso patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza. En particular, prodúcese natural satisfacción facer memoria da ben consagrada *Galicia Histórica*, en cuxa dirección tiven a honra de sucedelo. Esta importante serie bibliográfica foi concibida no Instituto Padre Sarmiento e empezou a prepararse, polo ano 1948, baixo a dirección de Francisco Javier Sánchez Cantón. Con tal iniciativa, de acordo ao menos co seu espírito fundacional, non se pretendía abordar exactamente unha Historia de Galicia, senón máis ben unha posta ao día dos problemas do noso pasado por medio dunha variada serie de monografías que, con rigor crítico, obxectividade e claridade expositiva, servisen de orientación segura a cantos, dentro ou fóra de Galicia, estivesen interesados en investigar as parcelas máis escuras do noso onte e as liñas reitoras da vida galega ao longo de dous milenios. Non obstante, a *Galicia Histórica*, concibida en tales termos, tardou moitos anos en poñerse en marcha. Foi polos comezos dos setenta, cando Filgueira logrou –como quedou dito– o patrocinio da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Así pois, baixo a súa sabia dirección, que exerceu durante algo máis de dúas décadas, a serie encamiñouse con verdadeira precisión cara aos aludidos obxectivos, pois preparáronse e seleccionáronse un total de quince volumes, entre os que se contan –como estaba previsto tamén– importantes visións de conxunto, monografías sobre cuestións ou personaxes concretos e, por último, coidadas edicións de fontes literarias e documentais de particular interese histórico. Todos, naturalmente, precedidos dos aludidos prólogos, sempre exactos e oportunos, de Filgueira Valverde¹¹.

Este breve apuntamento final, aínda que intencionadamente limitado só ao seu protagonismo nos empeños editoriais do Instituto de Estudos Padre Sarmiento, di moito respecto á extraordinaria dimensión de Filgueira Valverde como historiador e bibliófilo de Galicia. Por iso, nunca crin esaxerado recoñecer nel a unha das figuras cume de toda a intelectualidade galega do accidentado século pasado, máis aínda cando a súa erudición e talla intelectual só pode parangonarse coa do noso gran *padroeiro*, como destacou con moito maior coñecemento quen foi o seu máis directo discípulo e o seu sucesor no Museo de Pontevedra.

11 A colección acadou xa os 37 títulos, cun total de 45 volumes. Os catorce primeiros foron seleccionados e editados baixo a dirección de Filgueira Valverde: C. Torres Rodríguez, *La Galicia sueva* (1971) e *La Galicia romana* (1982); E. González López, *La Galicia de los Austrias* (1980); C. Sánchez Albornoz, *Estudios sobre Galicia en la temprana Edad Media* (1982); D. García Guerra, *El Hospital Real de Santiago en el siglo XVIII* (1983); A. Rodríguez González, *Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños* (1985); C. Torres Rodríguez, *Paulo Orosio. Su vida y sus obras* (1985); J. L. Novo Cazón, *El priorato santiaguista de Vilar de Donas en la Edad Media* (1986); J. García Oro, *Galicia en los siglos XIV y XV* (1987); E. Rivera Vázquez, *Galicia y los jesuitas. Sus colegios y enseñanza en la Edad Moderna* (1989); M. C. Díaz y Díaz, *Ordoño de Celanova. Vida y milagros de San Rosendo* (1990); J. Armas de Castro, *Pontevedra en los siglos XII al XV* (1996); P. Rodríguez Suárez, *La Universidad de Santiago en el siglo XVI* (1996); M. C. Sánchez Carreira, *El bajo Miño en el siglo XV* (1997).

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Consejo Superior de Investigaciones Científicas (1947): *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos: inauguración, antecedentes, el edificio, guía de las instalaciones, trabajos publicados*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Patronato Menéndez Pelayo.
- Filgueira Valverde, Xosé (1947): “El plan de estudios gallegos ideado por el Padre Sarmiento”, en *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 29-44.
- Fraguas Fraguas, Antón (1947): “El edificio”, en *El Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas, 45-79.
- Mato, Alfonso (2001): *O Seminario de Estudos Galegos na documentación que garda o Instituto Padre Sarmiento*. Sada: Edición do Castro.
- Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo (2000): “Filgueira Valverde (1906-1996). Memoria y evocación de un historiador y bibliófilo de Galicia”, *Museo de Pontevedra* LIV, 155-162.
- (2005): *O Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”. Sesenta anos ó servicio de Galicia (1944-2004)*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas / Xunta de Galicia.
- (2008): “El Seminario de Estudios Gallegos. Auge, ocaso y continuidad”, en Xosé Luís Axeitos, Emilio Grandío Seoane y Ramón Villares (eds.), *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Real Academia Galega / Universidade, 673-693.
- VV. AA. (1954): *El primer decenio del Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos (1944-1954)*. Santiago de Compostela: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.